**CONCELLO DE NARÓN**

**AUDIENCIA E INFORMACIÓN PÚBLICA**

**EXPEDIENTE DE ELABORACIÓN DA NORMA DENOMINADA:**

- **ORDENANZA DE NORMALIZACIÓN LINGÚÍSTICA DO CONCELLO DE NARÓN**

OBXECTO: Sen prexuízo da consulta previa á redacción do texto desta iniciativa, xa efectuada (ao estimar que a norma afecta aos dereitos e intereses lexítimos das persoas), o Concello de Narón acorda publicar agora un primeiro borrador do texto da disposición neste portal, co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e recabar cantas aportacións adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades. Así mesmo, poderá tamén recabarse directamente a opinión das organizacións ou asociacións recoñecidas por lei que agrupen ou representen ás persoas cuxos dereitos ou intereses lexítimos se verán afectados pola norma e cuxos fins garden relación directa co seu obxecto.

NORMATIVA:
Artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
Directriz nº 6 da Regulación da participación cidadá na planificación, elaboración e avaliación da normativa municipal no Concello de Narón.

<u>PROCEDEMENTO</u>

TRÁMITE: Sometemento a audiencia e información pública da disposición normativa anterior.
DESTINATARIOS: Cidadáns/ás afectados/as.
PRAZO: 15 días naturais a contar desde o seguinte a esta publicación no portal.
DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN: Como xa se indicou no trámite de consulta previo á redacción deste borrador, é intención desta Corporación a aprobación da seguinte norma:

- ORDENANZA DE NORMALIZACIÓN LINGÚÍSTICA DO CONCELLO DE NARÓN

A normalización lingüística é un proceso social que procura o incremento do uso e do prestixio dunha lingua minorizada en todos os ámbitos da sociedade, no caso de Galicia, do galego. Procura a recuperación de todas as funcións e dereitos dunha lingua, para que poida ser o medio “normal” e habitual de expresión social dos membros da comunidade.

A normalización lingüística é un proceso social participativo que, ou é protagonizado pola propia sociedade que se implica nun proceso de

cambio, ou non se consegue, e as administracións públicas teñen a obriga e responsabilidade de apoiar e promover ese proceso.

Para implicar á sociedade nese proceso de cambio, o Concello de Narón adoptou unha política lingüística activa na promoción do uso da lingua galega na que destacan as seguintes medidas fundamentais: creación dun servizo de normalización lingüística que ten como misión darlle soporte técnico ao proceso de extensión do uso e da normalización do galego en todos os ámbitos e sectores do termo municipal, non só no seo da propia administración; cumprimento dos mandados da lexislación vixente en materia lingüística na Administración local; ou a colaboración con outras entidades en materia de normalización lingüística, como son os proxectos colaborativos con outras administracións locais Apego e Club de Debate, a adhesión á Rede de Dinamización Lingüística da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, ou a creación da Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega (Alingua) xunto con outras entidades locais.

Pero o Concello de Narón aínda non conta cunha disposición normativa que recolla e regule o uso social do idioma atendendo a todos os ámbitos da vida municipal, non conta cunha ordenanza de normalización lingüística que aprobe unhas liñas de actuación co fin de incorporar o galego en todos os ámbitos da vida municipal e impulsar a normalización do seu uso no conxunto da sociedade.

Ademais, no marco da planificación do III Plan de igualdade de Narón, xurdiu a conveniencia de incluír como unha acción do plan a introdución dunha epígrafe na Ordenanza de normalización lingüística que desenvolva unhas liñas de estilo ou pautas para usar unha linguaxe inclusiva na comunicación interna e externa do Concello de Narón.

Esta ordenanza ten por obxecto regular o uso do galego no Concello de Narón no que respecta ao uso oficial e aos dereitos lingüísticos, atención ao público, documentación e actuación administrativa, publicacións, accións informativas, formativas e actividades públicas, relación con outras administracións e coas empresas privadas, toponimia, etc.

O prazo para recabar aportacións neste trámite de audiencia rematará o día 4 de abril de 2023.